

PREVENCIÓN = SAÚDE



Boletín para nais e pais

A prevención na casa
a mellor axuda

Boletín da Unidade Asistencial de Drogodependencias de Monforte
Equipo de Prevención




IA E PORNOGRAFÍA QUE ESTÁ A PASAR?

Accesibilidade

A Intelixencia Artificial Xenerativa (IAG) deixou de ser unha tecnoloxía accesible unicamente para os expertos na materia ou para institucións con grandes recursos, para xeneralizarse o seu uso entre a poboación. O seu fácil acceso gratuito ou moi alcanzable, e utilización, a partir de simples comandos de textos, permite que calquera persoa poida crear vídeos ou imaxes ficticias de contido sexual con aparencia real.

Ferramentas e difusión:

Swapface
Deepfake
StudioGrok (IA de X)



Estas Intelixencias Artificiais foron creadas con a finalidade de facilitar a xeración de imaxes e vídeos. A pesar de que a intención inicial pode ser creativa ou mesmo divertida, podese converter rápidamente nunha forma de suplantar a identidade, ou crear imaxes falsas prexudiciais sen consentimento.

Só fai falta unha foto para esnaquizar vidas.

En 2019 tivo lugar un dos primeiros casos máis soados da IA xenerativa: DeepNude, unha web que permitía espír a calquera persoa que aparecese nunha foto ou vídeo.

A principal ferramenta son os bots de Telegram, destinados á creación de imáxes ou vídeos de persoas reais espidas.

Os "deepfakes" aumentaron un 464% estes dous últimos anos, e máis do 99% destes está protagonizado por mulleres.

IA e Delitos Sexuais

Casos en España

Caso Almendralejo

15 menores manipularon imaxes de 20 mozas, de entre 12 e 15 anos, obtidas de RRSS usando IA xerando fotos falsas de contido sexual explícito. Foron compartidas a través de WhatsApp.

SENTENZA: 1 ano de liberdade vixiada, e de formación en uso responsable de tecnoloxías, educación afectivo-sexual, e igualdade de xénero.



Caso Navarra

Pornografía sintética: non é unha broma, é un delito

Un mozo de 18 anos creou e difundiu imaxes falsas de dúas compañeiras do seu instituto usando IA. As imaxes foron enviadas a través de Instagram, acompañadas de acoso e mensaxes denigrantes.

SENTENZA: 1 ano de prisión e unha indemnización de 1,500 euros a cada vítima.

As vítimas sufriron dano emocional e psicolóxico, debido ao acoso e humillación xerados por imaxes falsas, cuxa alta calidade dificultaba distinguilas das reais.

En Almendralejo, o activismo das familias logrou deter a difusión, mentres que en Navarra evidenciouse a necesidade de regular a IA. Resaltan a **IMPORTANCIA** da educación, sensibilización social, e normativas claras para previr o uso indebido destas tecnoloxías.



CAL É A OPINIÓN PÚBLICA?

O uso da intelixencia artificial para producir contido pornográfico sen o consentimento das persoas involucradas, espertou unha grande preocupación social.

Exemplos como o caso de Almendralejo, no que se utilizou IA para crear imaxes manipuladas de menores, espertaron a urxencia de establecer unha regulación e mecanismos de supervisión neste terreo.



Que se fixo respecto diso?

Se ha elaborado o Real Decreto 729/2023, do 22 de agosto, que aproba o Estatuto da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial (AESIA).

É un organismo pioneiro en Europa dedicado a supervisión, asesoramento e formación no uso adecuado de sistemas de intelixencia artificial (IA).

A AESIA ten como obxectivo minimizar os riscos asociados ao uso da IA, garantindo a protección de dereitos fundamentais como a integridade, a intimidade e a igualdade de trato.

Expectativas cara á AESIA:

A sociedade española espera que a AESIA actúe como un organismo regulador que garanta un uso ético e responsable da IA, protexendo dereitos fundamentais e abordando desafíos como a creación de contido pornográfico non consentido.

A axencia ten o reto de xerar confianza e educar á cidadanía sobre os alcances e limitacións da IA.

INICIATIVAS SOCIAIS PARA PREVER RISCOS

Desenvolvimento de Ferramentas Tecnológicas:

Bouncer: É unha ferramenta española de IA que utiliza un escáner facial para confirmar a idade dos usuarios, bloqueando o acceso de menores a material pornográfico.

O seu propósito é combater o consumo temperán de pornografía entre os mozos.

Propostas Lexislativas:

Anteproxecto de Lei Orgánica para a Protección de Persoas Menores de Idade nas Contornas Dixitais.

Proposta do Partido Popular de ampliar a definición legal de pornografía infantil para incluír imaxes xeradas por IA que representen a menores en condutas sexualmente explícitas ou que afecten a súa intimidade.

Diversas iniciativas na Unión Europea: preténdese seguir analizando peticións para intervir no desenvolvemento da IA, especialmente no contido pedófilo.

Accións de Plataformas Dixitais:

Políticas de Contido: medios como Reddit, Pornhub e Twitter implementaron prohibicións sobre a creación e difusión de contido pornográfico xerado con intelixencia artificial sen o consentimento das persoas involucradas, coñecido como "deepfake porn".

Estas accións están orientadas a salvagardar a privacidade e os dereitos de quen podería verse prexudicados.



ES RESPONSABLE DUN DELITO

Autor: serán responsables criminalmente dos delitos, os autores e os cómplices, e consideraranse autores dun delito a quen realice o feito por si sós, conxuntamente ou por medio doutro.

Delito contra a honra

A alteración ou uso da imaxe/voz dunha persoa sen o seu permiso pode representar unha violación ilexítima deste dereito.

O dereito á honra abarca a dignidade persoal, (a valoración que un ten de si mesmo) e a reputación ou o prestixio que se proxecta cara aos demais. Por tanto, calquera contido humillante ou denigrante para ela, constitúe unha gran vulneración deste dereito.

Delito contra a propia imaxe

O dereito á propia imaxe permite aos individuos decidir que aspectos da súa figura desexa manter no ámbito privado.

Este dereito prohíbe que terceiros non autorizados obteñan, reproduzan ou difundan a súa imaxe sen consentimento, sen importar o propósito nin o lugar onde se realice, mesmo en espazos públicos.

Calquera obtención ou difusión dunha imaxe sen o seu consentimento é unha vulneración deste dereito.



Delito de pornografía infantil

O uso de imaxes de menores en "deepfakes" de contido sexual pode ser considerada pornografía infantil, cando estas imaxes sexan realistas a pesar de que non reflectan a realidade.

Será penada a difusión de todo material visual que represente, a un menor participando nunha conduta sexual explícita, real/simulada, ou calquera outra representación dos órganos sexuais, con fins sexuais.

QUE FACER SE ES A VÍTIMA

ELIMINAR O CONTIDO

Pódese solicitar aos buscadores e ás redes sociais a retirada do material. Débese encher o formulario que teñen habilitado para iso.

Adoitan tardar menos dun mes en retiralas, en caso contrario hai que acudir á Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



PROCEDIMIENTO AEPD

A AEPD dispón dunha canle prioritaria para solicitar a retirada do material. Só pode solicitalo a persoa afecta e deberá presentarse, entre outras cousas, unha copia da pantalla onde se pode apreciar o servizo. En menos de 24 horas, tentarase evitar que se siga difundindo esa información.



DEMANDA/ DENUNCIA

A vía civil, terase que presentar unha demanda nun xulgado por vulneración do dereito á honra ou a propia imaxe, reclamando danos e prexuizos.

A vía penal permite presentar cargos criminais contra os responsables dos "deepfakes". Débese poñer unha denuncia no corpo de policía indicado.

el Porno EN DATOS



edades y sexos



edad media de inicio
del consumo de porno

CONNER, ALLISON. "PORN HABIT-INDULGENCE OR ADDICTION",
PSICOLOGY TODAY. 2014



93 %

hombres vieron porno
durante la adolescencia

NICK BILTON. "PARENTING IN THE AGE OF ONLINE
PORNOGRAPHY", NY TIMES. 2015



68 %

adolescentes
consumen porno
de forma frecuente

INFORME SAVE THE CHILDREN. 2020

10 %

1 de cada
10 menores
europeos
hace sexting

EU KIDS ONLINE. 2020



80 %

jóvenes que
consumen porno
tienen conductas
sexuales agresivas

THE RELATIONSHIP AMONG ONLINE SEXUALLY
EXPLICIT MATERIAL EXPOSURE TO, DESIRE FOR,
AND PARTICIPATION IN ROUGH SEX
EMILY A VOGELS, LUCIA F O'SULLIVAN. 2019



90%

de los universitarios
hombres cree
que el porno
es fiel al sexo real

UNIVERSIDAD DE ILLES BALEARES Y
SANTIAGO DE COMPOSTELA. 2020

el negocio



20 %

de la pornografía online
es pornografía infantil

FOLEY. 2006; GORMAN, MONK-TURNER, & FISH. 2010;
"HARIM BEING DONE TO AUSTRALIAN CHILDREN."
2016; HAMILTON-GIACHRITSIS, HANSON, WHITTLE, & BEECH. 2017

otros datos

40 %

mujeres han recibido
una fotografía
explícita de cuerpos
de hombres desnudos
sin consentimiento

YOUNGOV.CO.UK - "FOUR IN TEN FEMALE MILLENNIALS
HAVE BEEN SENT AN UNSOLICITED PENIS PHOTO"
MATTHEW SMITH. 2018



**2010 - 2%
2022 - 25%**

Aumento de la disfunción eréctil

DAILYMAIL.CO.UK - THE TRUE TOLL OF PORN: GIRLS WHO HATE
THEIR BODIES AND YOUNG MEN WHO CAN'T PERFORM IN RELATIONSHIPS -
BY A GP WHO'S SEEN THE HARM IT DOES TO TEENS

+ datos
sobre pornografía

DALEUNAVUELTA.ORG/DATOS-PORNOGRAFIA





WhatsApp



604 059 719

DÚBIDAS ? *Pregunta e infórmate*

**Tabaco, alcol,
outras drogas,
condutas adictivas**

Facebook: UNIDAD ASISTENCIAL
DE DROGODEPENDENCIAS DE MONFORTE

Suxerencias e comentarios:

uad@concellodemonforte.com

Se queredes poñervos en contacto
connosco, estamos en:

UNIDADE ASISTENCIAL DE
DROGODEPENDENCIAS
SERVIZO DE PREVENCIÓN

Plaza da Estación - 17
27400—Monforte de Lemos (Lugo)
Rex. C-27-000100

Facebook:
Unidad Asistencial de Drogodependencias
Monforte de Lemos

TLF. 982 40 04 95



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE




SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE



UAD
UNIDADE ASISTENCIAL
DE DROGODEPENDENCIAS
MONFORTE DE LEMOS

¿Inteligencia
artificial

es segura?



HOLI

